

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE MAIO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de maio de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase declarar a caducidade da licenza urbanística 822/2011 para a reestruturación total por cambio no programa de usos de edificio composto de planta baixa para local comercial e 2 plantas altas e aproveitamento baixo cuberta para 3 vivendas na praza Pío XII, número 8. (2025/Y008/000001).

Tamén se acorda aprobar a licenza urbanística para legalización de dúas cortes e ampliación de corte de vacún de leite e ampliación de fosa de xurro en Galegos, Santiago de Saa, 3 (expte: 2024/Y001/000078).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga dende o 7 de xullo de 2025 ata o 6 de xullo de 2026 na contratación da execución do programa de apoio psicolóxico a menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero do Concello de Lugo (Concellería de Muller e Igualdade - Servizo de Igualdade) exp ref: 2023/C003/000002.

Acórdase a declaración de deserto no expediente de contratación da subministración de equipos de protección individual (Epis) para as persoas traballadoras do recinto do cemiterio de San Froilán e no Mercado Municipal, exp. ref: 2025-C004-000007.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5750697185830842054.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-5-2025

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación -mediante lotes- do alugueiro casetas "Stand" para instalación de postos de venda en San Froilán anos 2025 e 2026: postos avda. Rodríguez Mourelo (lote 1), postos rúa Puro Cora (lote 2), postos avda. Dr. García Portela (lote 3) e postos Praza Maior (lote 4) e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000017.

Así mesmo, acórdase aprobar o procedemento de licitación convocado polo concello de Lugo para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais, exp. ref. 2025/C013/000002.

Do mesmo xeito, acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o Decreto 12188/2024, do 19/12/2024, polo que se aproba a revisión das tarifas para o ano 2025 para os tres aparcadoiros soterrados sitos nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa asinado cunha empresa, exclusivamente conforme ao 1,5 % IPC.

Acórdase a aprobación das bases para a autorización da instalación na praza maior dos postos de venda da feira de artesanía e gastronomía; gastroarte; das festas de San Froilán dos anos 2025 e 2026 con posibilidade de prórroga para os anos 2027 e 2028, exp. 2025/C013/000004.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar unha parte e desestimar outra no recurso de reposición alegando disconformidade coa valoración do expediente 2021/Y001/000064.

4. FOMENTO.- Acórdase aprobar o plan estratéxico de subvencións 2023-2025 do Excmo. Concello de Lugo, actualización anualidade 2025.

5. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases específicas: para o acceso en propiedade de 1 praza de operario/a en vías e obras pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE

2024); para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial condutor/a mecánico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE 2024) e para o acceso en propiedade de 1 praza de ordenanza pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade intelectual (OEP 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

6. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude de presentación á convocatoria da comisión Europea de selección de socios para levar a cabo actividades como centros Europe Direct en España (2026-2030) ED-2025-Spain-Fpa-Sga.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

7. MULLER E IGUALDADE.- Acórdase a aprobación da convocatoria de subvencións destinada ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para proxectos destinados a actividades de interese social en materia de promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual para o exercicio 2025.

Fóra da orde do día

- Acórdase aprobar a delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación co procedemento administrativo de contratación, das actuacións do Grupo Musical Fuxan os Ventos os días 5, 7 e 8 de xuño.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.